

## :: RECURSOS

Pasarán por un acuífero, para que o último proceso de depuración o faga a propia natureza. Soa noxento, pero os que viaxen a Berlín, Dinamarca ou Alemaña seguro que a proban. Sevilla pode ser a candidata española para experimentalalo.

# No futuro beberemos aguas residuais

PACO  
TORRALBO

É o próximo futuro: beberemos augas residuais pasadas por un acuífero, para que o último proceso de depuración o faga a propia natureza.

Soa noxento, pero quen estea en Berlín ou noutras cidades de Alemaña ou de Dinamarca xa a bebeu. Berlín abastécese de augas subterráneas, dun acuífero que recargan para manter o seu nivel e aproveitan as recargas para eliminar contaminantes.

Cóntao Juan Antonio López Geta, presidente do Grupo Especializado da auga da Asociación Nacional de Enxeñeiros de Minas, antes de acudir ó Congreso Internacional de Enerxía e Recursos Mnerais que mañá, luns, se inaugura en Oviedo: "Meten a auga dos ríos ó acuífero e ó pasar por el váise depurando, e esa é a auga que beben. Ata beben a que procede da depuradora de augas residuais, que verte o río, e

augas abaixo vólvena coiler e métena no acuífero". En España, de momento, non se fai. Pero podería facerse. Sevilla quizá sexa candidata.

"En España hai condicións xeolóxicas para facelo. En Sevilla, con problemas de abastecemento, podería collese a auga do Guadalquivir, metela ralgunhas zonas do acuífero, e a mesma saía xa cunha calidade boa. En lugar de plantas depuradoras grandes, por que non usar o terreo? Hai que ver a permeabilidade, as características litolóxicas,

**"Non se trata de facelo mañá mesmo. Hai que ver como funciona"**

porque son os aluviais do río, pero non ten mala cara. Non se trata de facelo mañá mesmo. Hai que ver como funciona nunhas plantas piloto e se os resultados son positivos ou non". Pero antes terá que xenerali-

zarse a propia recarga de acuíferos, que en España "é unha tecnoloxía que coñecemos ben pero que facemos pouquisimo", indica.

E iso que hai tres ou catro anos que hai programa, elaborado polo Instituto Xeolóxico Mineiro, co Ministerio de Medio Ambiente, pero non se puxo en marcha. "Ten algún problema de tipo legal. Algúns din: se eu meto auga aquí, máis aló hai uns señores que se aproveitan, porque a auga váise infiltrando. Pero é cuestión de falalo. Se nun acuífero constitúes unha comunidade de usuarios xa é igual quen meta a auga e quen a saque".

A recarga permitiría aproveitar mellor as choivas irregulares propias de España, non a primeira onda, moi violenta, da riada, pois leva moitos arrastres, pero si as máis tranquilas seguintes. Tamén as augas que un pantano desencora cando se excede o nivel de seguridade. Os dispositivos de recarga son grandes balsas ou unhas baterías de sondaxes que levan

a auga directamente ó acuífero. "Non son grandes obras de enxeñería e danan pouco a paisaxe. Son unha especie de lagoas". A recarga formaría parte dun uso conxunto das augas, dunha planificación da que aínda se está lonxe.

"Creo que o tema está pouco maduro nos órganos de xestión da auga. É unha técnica con dez ou quince anos e que noutros países se fai. Aquí, salvo Madrid, que fai algo, o resto non. Require que mentalmente cambiemos todos". Habería que superar a situación actual, na que os organismos que estudan as augas superficiais van por unha banda e os das augas subterráneas por outra, cun centro de coordinación.

"Trátase -di López Geta- de facer unha xestión o máis sostible combinando ambos. Se non tes auga superficial porque non choveu podes sacala do acuífero e viceversa. Así, diminuirían de forma drástica os problemas de subministración". As reservas dos acuíferos supoñen seis ou sete veces a capa-

cidade dos encoros. Son trescentos ou catrocentos mil hectómetros cúbicos de augas subterráneas fronte a unha capacidade total de 50.000 hectómetros cúbicos nos encoros.

**Cunha planificación adecuada, a reserva sería utilizada nos casos de seca**

Cunha planificación adecuada, as reservas utilizaríanse en casos de seca, pensando que logo vai haber outros anos nos que se van a recuperar, facendo recarga artificial.

Segundo López Geta, a saúde dos acuíferos é regular. Un 15% están sobreexplotados e son acuíferos moi importantes, os que máis se utilizaron, tanto polo sector turístico como o agrícola. Pero, segundo asegura o especialista, unha das grandes afeccións que presentan os acuíferos en España é a contaminación por nitratos. ●